



**BASES COMPLEMENTARIAS ERASMUS +
MOBILIDADES DE ALUMNADO EN PRÁCTICAS
(FCT NO EXTRANXEIRO)**

ABRIL-XUÑO 2018

Convocatoria de selección **ERASMUS+ 2017-2019**

Nº de PROXECTO: **2017-1-ES01-KA103-036326**

CIFP A Carballeira

Praza da Lexión, s/n

32002 Ourense

Teléfono: 988 788 740

ies.carballeira@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/iescarballeira/>



1. COMITÉ DE SELECCIÓN

- Director do centro
- Xefe da área de calidade, innovación e orientación profesional
- Xefe do departamento de calidade e innovación
- Xefe do departamento de orientación profesional
- Coordinadora de programas internacionais
- Xefes dos departamentos didácticos

2. CRITERIOS DE SELECCIÓN E BAREMACIÓN DE CANDIDATOS

As prazas dispoñibles para realizar a FCT en países europeos baixo o programa de mobilidade descrito nesta convocatoria, asignaranse ao alumnado interesado, logo da presentación da solicitude, que será baremada por un Comité de Selección constituído polo CIFP A Carballeira Marcos Valcárcel en base aos seguintes criterios:

- **Informe do equipo docente (onde se recollerá, entre outros, grao de madureza persoal e motivación profesional) (ata 4 puntos).**
- **Competencia lingüística en idiomas (non oficiais no estado español) acreditada documentalmente (ata 3 puntos).**
 - B2 (MERL) ou superior idioma país destino: 3
 - B1 (MERL) país destino: 2
 - B2 (MERL) ou superior inglés: 1
 - B2 (MERL) outro idioma 0,5
 - B1 (MERL) outro idioma 0,25
 - A2 (MERL) país destino: 0,25
 - Nacionalidade do país de destino: 1

* Neste centro non se realiza proba específica de idiomas.

- **Expediente académico do ciclo formativo (ata 3 puntos).**
 - Entre 6,00 e menos de 7,00 - 0,75 puntos
 - Entre 7,00 e menos de 8,00 - 1,50 puntos
 - Entre 8,00 e menos de 9,00 - 2,25 puntos
 - Entre 9,00 e 10,00 - 3,00 puntos
- **Candidato/a que presenta “Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro” para a realización das prácticas (2 puntos).**

Nota: en caso de empate na baremación final:

1º - No caso de empate terase en conta a maior puntuación no apartado A (Informe de titoría e equipo docente).

2º - No caso de manterse o empate procederíase a un sorteo.